


**ASUNTO: ELEVADOS NIVEIS DE PM10 E DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALERTA Á POBOACIÓN POR PM10 EN LAZA O 18 DE OUTUBRO DE 2011.**

O Protocolo de Actuación en Situacións Excepcionais de Contaminación Atmosférica en Galicia, establece que se debe activar o Nivel de Alerta á poboación cando se superen os  $150 \mu\text{g}/\text{m}^3$  de media das últimas 24 horas de PM10 no aire ambiente. Este limiar de alerta non aparece recollido na lexislación española nin europea, pero si existe unha referencia da EPA de Decembro de 2005.


A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental informou que na estación da calidade do aire de Laza, situada en As Eiras, concello de Laza, superouse o limiar de alerta á poboación xa que a media das últimas 24 horas rexistrada ás 11: da mañá foi de  $154,7 \mu\text{g}/\text{m}^3$  o día 18 de outubro, sendo os concellos afectados os de Laza, Verín, Monterrei, Cualedro, Sarreaus, Vilar de Barrio, Montederramo, Vilariño de Conso e Castrelo do Val. Tal e como se establece no Protocolo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental deu aviso a DX EMERXENCIAS E INTERIOR e DX DE INNOVACIÓN E XESTIÓN DA SAUDE PÚBLICA.

Esta situación persistiu ata as 5:00 do día 19, cando a media das últimas 24 horas baixou de  $150 \mu\text{g}/\text{m}^3$  por primeira vez, cun valor de  $147 \mu\text{g}/\text{m}^3$ . A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental procedeu á desactivación do nivel de alerta ás 13:00, cando o valor medio das últimas 24 horas xa era de  $80 \mu\text{g}/\text{m}^3$ .

Na seguinte gráfica se amosa a evolución da media móbil das últimas 24 horas para PM10 na estación de Laza, dende as 00:00 do día 18 ata as 14:00 do día 19, onde se observa que a máxima rexistrada foi de  $179 \mu\text{g}/\text{m}^3$  ás 23:00 do día 18



En canto aos datos horarios, a máxima rexistrada foi de 368.2  $\mu\text{g}/\text{m}^3$  ás 10:00 da mañá. Na seguinte gráfica se amosa a evolución horaria dos datos de PM10 en Laza dende as 00:00 do día 17 de outubro de 2011 ata as 9:00 do día 19.



Na seguinte táboa se atopan as medias diarias entre o 15 e o 20 de Outubro. Entre os días 16-19 superouse o valor límite de 50  $\mu\text{g}/\text{m}^3$  que só se pode superar durante 35 días ao ano.

PM10 en Laza	
Data	Concentración media diaria ( $\mu\text{g}/\text{m}^3$ )
15/10/2011	31
16/10/2011	52
17/10/2011	62
18/10/2011	141
19/10/2011	53
20/10/2011	15